



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 654/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3 DE OUTUBRO DE 2019.

- 1.- Acta da sesión ordinaria do 26 de setembro de 2019.

ADMÓN. TRIBUTOS

- 2.- Proposta para adecuación do artigo 4.5 da Ordenanza Fiscal nº 30 das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local á xurisprudencia do Tribunal Supremo e sentenzas firmes dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo. Expte. 2619/500.

CONTRATACIÓN

- 3.- Adxudicación da contratación do servizo de atención ao público na rede de Museos de Vigo. Expte. 2563/341.

EMPREGO

- 4.- Expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación ordinaria do "Sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego". Expte. 16564/77.

FESTAS

- 5.- Subvención nominativa a favor da Asociación do Centro Veciñal e Cultural de Valladares para o financiamento da "XXX Festa do Polbo 2019". Expte 8058/335.
- 6.- Subvención nominativa a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo para a organización da "Festa gastronómica do Mexillón 2019". Expte. 8057/335.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 7.- Expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do "Servizo de mantemento dos ascensores instalados nos edificios municipais dependentes da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo". Expte. 8790/320.

SERVIZOS XERAIS

- 8.- Aprobación modificación orzamentaria nº 92/19. Expte. 369/441.



- 9.- Proposta de reaxuste de anualidades do contrato das obras “Recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na Parroquia de Candeán”. Expte. 153/441.

URBANISMO

- 10.- Aprobación inicial da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura. Expte. 16980/411(relacionado 1053/400).

VÍAS E OBRAS

- 11.- Prórroga do contrato de subministro de misturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras. Expte. 79713/250.
- 12.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **3 de outubro de 2019, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/10/2019 08:24

Páxina 2 de 2

Expediente 654/1102

CSV: 27E5CA-54BDEB-8A5C2B-J3L6ZH-39GNUA-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>